



Assina SIGET7  
24/03/2017

## RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

### **Asunto: CONVOCATORIA PLENO ORDINARIO DE 29.03.2017**

Vista a relación de expedientes concluídos posta a disposición desta Alcaldía pola Secretaría Xeral con data 24 de marzo de 2017, a efectos da súa inclusión na orde do día da sesión ordinaria que o Concello Pleno realizará o día 29 de marzo de 2017,

No uso das facultades que me están conferidas ao abeiro do establecido no artigo 21.1.c) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local,

### **RESOLVO**

**Primeiro.-** CONVOCAR sesión **ORDINARIA** que realizará **O CONCELLO PLENO** na Casa Consistorial, o vindeiro **VINTENOVE DE MARZO DE DOUS MIL DEZASETE** ás **VINTE HORAS**. De non poderse levar a cabo a sesión en primeira convocatoria, de conformidade co establecido na normativa vixente terá lugar en segunda convocatoria corenta e oito horas despois.

**Segundo.-** Que pola Secretaría se cite a todos os concelleiros para a devandita sesión manifestándolles que a partir desta data teñen o seu dispor na Secretaría municipal os antecedentes e expedientes relacionados cos asuntos que figuran na Orde do Día inserido a continuación deste Decreto.

**Terceiro.-** Incluir na Orde do Día da devandita sesión os seguintes asuntos:

### ORDE DO DÍA

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA REALIZADA O DÍA 23 FEBREIRO DE 2017.

2.- APROBACIÓN REX 3-2017

3.- LEVANTAMENTO DE REPARO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN "INSTALACIÓN DE PARQUES INFANTÍS NA RÚA ORTIGUEIRA E PASEO DA MAGDALENA. PAS 2015"

4.- RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA DE APROBACIÓN DO PROXECTO TÉCNICO CORRIXIDO "DOTACIÓN PARQUES INFANTÍS NA RÚA ORTIGUEIRA E PASEO DA MAGDALENA"

5.- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA NÚM. 104/2017 DE DATA 24.03.2017 DE DECLARACIÓN DE APROBACIÓN DEFINITIVA DO ORZAMENTO 2017

6.- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA NÚM. 105/2017 DE DATA 24.03.2017 DE DECLARACIÓN DE APROBACIÓN DEFINITIVA DO CATÁLOGO DE POSTOS DE TRABALLO DO CONCELLO DE CEDEIRA EXERCICIO 2017

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.cedeira.es>.  
(O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).





7.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCADÍA ADOPTADAS DESDE A ÚLTIMA SESIÓN ORDINARIA

8.- MOCIÓNS DE URXENCIA.

9.- ROGOS E PREGUNTAS.

En Cedeira, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. Alcalde Pablo Diego Moreda Gil, do que eu, Ana Velo Ruiz, como Secretaria, dou fe.

